

U 4. VARIEDADES DE LINGUA

Variedade temporal ou diacrónica, que é consecuencia do paso paso do tempo. Na escrita distinguimos o galego medieval (desde o século XII), o galego moderno (desde o século XVI), o galego contemporáneo (desde o século XIX ata hoxe).

Variedade social ou diastrática, que se reflexa nos distintos niveis de lingua. Podemos atopar desde un **nivel alto**, propio de xente cunha formación idiomática elevada, ata un **nivel baixo**, propio de persoas con escasa formación. O alto caracterízase pola presenza de cultismos e maior proximidade ao estándar e no baixo é habitual o uso de vulgarismos. Entre estes dous sociolectos podemos considerar a existencia dun **nivel medio**. Estes niveis están máis definidos nas linguas cun estándar consolidado que naquelas en proceso de normalización (galego).

Inclúense aquí as **xergas**, que responden á vontade dun grupo social de diferenciarse dos demais (estudantes, grupos marxinais, criptolectos profesionais...). Utilizan as estruturas xerais da lingua, pero cun léxico específico. Cando unha palabra se xeneraliza e pasa á lingua común úsase outra. Isto pasa na lingua dos delincuentes para referirse á policía (*pasma*) ou na dos drogadictos para referirse á cocaína (*farlopa, fariña*). Pode presentar diferenzas xeográficas (*colgar, latar, copar* para “faltar a clase”).

Variedade situacional ou diafásica, que está condicionada polo contexto (canle, interlocutores, tipo de mensaxe, tema, situación). Isto dá lugar a diferentes **registros**, que se distribúen entre un máis **formal** caracterizado pola corrección e o **coloquial** caracterizado polas repeticións, faltas de concordancia ou anacolutos, enunciados inacabados, sintaxe simple e vocabulario coloquial. Podemos atopar termos específicos: *falecer* (formal), *morrer* (neutro), *espichar* (coloquial). Dentro do rexistro formal teñen especial relevancia as linguaxes técnicas (tecnolectos) que presentan léxico específico das profesións (médica, xurídica, informática...).

Variedade xeográfica ou diatópica, que presenta trazos diferenciados de carácter fónico, morfolóxico, sintáctico e léxico que permiten delimitar no territorio de Galicia tres grandes bloques e dentro de cada bloque distintas áreas.

Delimitación xeográfica do galego

A xeografía lingüística do galego non coincide coas fronteiras administrativas. A fronteira oriental está delimitada pola ausencia de ditongación da vogal tónica (*pedra, dez, ovo porta...*) e a desaparición do -N- latino intervocálico (*lúa, ra...*). Esta franxa inclúe o occidente de Asturias ata o río Navia, Os Ancares e o Bierzo occidental de León e a zona zamorana das Portelas do Padornelo e da Canda. No sur coincide coa fronteira entre Galicia e Portugal e estrema está marcada, entre outros trazos, pola inexistencia no galego de vogais nasalizadas (*irmán – irmão; cans – cães*) e de sibilantes sonoras (*rosa /s/ - rosa /z/; xente /ʃ/ - gente /ʒ/*).

Trazos que permiten caracterizar as falas do galego moderno

FONÉTICA

- A **gheada**, pronuncia do g como aspirada, xeralmente farínxea /h/ (*amigho – amigo...*).
- O **seseo**, inexistencia do /θ/ (*facer*) e a súa pronuncia como /s/ (*faser*). En posición inicial de sílaba denomínase explosivo ou total (*sego, cosiña*) e en final implosivo ou parcial (*rapas, lus*).
- Ditongos -oi- / -ui-. A evolución das vogais nos grupos latinos -ULT-, -UCT-, -OCT-, -ORI-: MULTUM (*moito, muito, mutiu, muto*), AUSCULTARE (*escoitar, escuítar...*), LUCTAM (*loita, luita...*), TRUCTAM (*troita, truita....*), NOCTEM (*noite, nuite...*), OCTO (*oito, uito...*), VERSORIAM (*vasoira, vasoura, vasuira*); CORIUM (*coiro, couro, cuiro*).
- Perda ou mantemento dos grupos **cua-** e **gua-** (*catro/cuatro, garda/guarda...*).

SINTAXE

- **Cheísmo** (emprego do pronome *che* para OD e OI (*vinche na festa, deiche o libro*)).
- **Teísmo** (emprego do pronome *te* para OD e OI (*vinde na festa, deite o libro*)).

MORFOLOXÍA

- A perda do -N- intervocálico (-ANES, -ONES) provoca varios resultados: *balóns, balós, balois*.
- A evolución de -ANUM, -ANOS, -ANAM, -ANAS presenta varias solucións: *irmán(s), irmá(s) / irmao(s), irmá(s) / irmán(s), irmán(s) / irmá(s), irmá(s)*.
- Os demostrativos presentan tres paradigmas: *este(s), esta(s), esto / iste(s), esta(s), esto / este(s), esta(s), isto*.
- Pronome suxeito de P3: *el ou il*.
- Pronome suxeito de P2: *ti ou tu*.
- Sistema verbal:
 - terminación -des: *andades, andabades / andais, andabais / andás, andabás / andandes, andabandes*.
 - P2 e P3 do pretérito de indicativo: *colleches, colleste(s), colliche(s) / colliu, colleu*.
 - terminación da P1 do pretérito de indicativo da primeira conxugación: *cantén, cantín, cantei*.

LÉXICO


- Verbos **ver, mirar / mirar**: *o sábado non te vin na festa / o sábado non te mirei na festa*.
- O verbo **cheirar** pode ser neutro, hai que marcalo con adverbios (*cheirar ben, cheirar mal*) ou ter un significado negativo en oposición a *ulir* ou *oler* (*iso cheira / iso ole ben*).

Atendendo á distribución na fala dos distintos fenómenos lingüísticos establecemos tres grandes bloques e dentro de cada bloque distintas áreas:

- Bloque occidental (áreas pontevedresa, fisterrá e bergantiñá).
- Bloque central (áreas lucu-auriense, central de transición e mindoniense).
- Bloque oriental (áreas zamorana, central, ancaresa e asturiana).

AS VARIEDADES DIALECTAIS DA LINGUA GALEGA





BLOQUE OCCIDENTAL

OCCIDENTE DA CORUÑA E PONTEVEDRA

TRAZOS MÁIS IMPORTANTES

1. SESEO IMPLOSIVO	<i>ves, crus, rapas</i>
2. GHEADADA	<i>domingho, amigho</i>
3. PLURAL EN -NS	<i>xardíns, balóns</i>
4. TERMINACIÓNS -ÁN / -ÁN	<i>o irmán / a irmán, verán, mañán</i>
5. FORMA TI PARA SUXEITO P2	<i>E ti quen es?</i>
6. FORMA P2 PRETÉRITO INDICATIVO	<i>colleches, vendeches, foches</i>

ÁREAS DO BLOQUE OCCIDENTAL

FISTERRÁ

Seseo total (*faser, sinco*) e cheísmo (*encontreiche*)

- Zona do Xallas (norte): ditongo **ui** (*muíto*) e vogal temática **i** p3 pretérito de CII e CIII (*colliu, partiu*)
- Zona Tambre-Barbanza (sur): ditongo **oi** (*moíto*) e vogal temática **e** p3 pretérito de CII e CIII (*colleu, parteu*)

BERGANTIÑÁ

Non seseo (*facer, cinco*) nin cheísmo (*encontreite*)

ditongo **ui** (*muíto*) e vogal temática **i** p3 pretérito (*colliu*)

PONTEVEDRESA

Non hai cheísmo (*encontreite*)

· Subárea Ulla-Umia (norte): ditongo **oi** (*moíto*); demostrativos (*este, esta, isto*); vogal temática **e** p3 pretérito de CII e CIII (*colleu, parteu*)

· Subárea Verdugo-Miño (sur): ditongo **ui** (*muíto*); demostrativos (*este, esta, isto*); e vogal temática p3 pretérito **e** CII e **i** CIII (*colleu, partiu*)

- Zona do Miño: teísmo (*díxente*); alternancia ditongos **oi / ou** (*coiro-couro*); vogal semipechada (*neve, muller, queres*)

BLOQUE CENTRAL

FRANXA INTERIOR DA CORUÑA E PONTEVEDRA
BOA PARTE DE LUGO E OURENSE

TRAZOS MÁIS IMPORTANTES

1. NON HAI SESEO	<i>vez, luz, rapaz, cociña</i>
2. GHEADA (na zona occidental) NON GHEDA (na zona oriental)	<i>domingho, amigho</i> <i>domingo, amigo</i>
3. PLURAL EN -S	<i>xamós, balós</i>
4. TERMINACIÓNS -AO / -Á	<i>o irmao / a irmá, verao, mañá</i>
5. FORMA TI (oriental) / TU (occidental) PARA SUXEITO P2	<i>E ti quen es?</i> <i>E tu quen es?</i>
6. VOGAL TEMÁTICA -I- P2 PRETÉRITO INDICATIVO	<i>colliches, vendiches</i>
7. DITONGO -OI-	<i>moito, noite, troita, coiro</i>

ÁREAS DO BLOQUE CENTRAL

MINDONIENSE	Pronomes (<i>nosoutros, vosoutros</i>); vogal temática e na p3 do pretérito de CII e CIII (<i>colleu, parteu</i>); desprazamento acentual (<i>cantábamos, cantábades e cantáramos, cantárades</i>); vogal semiaberta nas p4 e p5 do presente de subxuntivo (<i>cantemos, collemos, partemos</i>); formas verbais (<i>seña, esteña</i>); distinción <i>lles, lle</i> e <i>llelo, llo</i> ; léxico específico (<i>biouteiro, felgo, cimo, golpe – sabugueiro, fento, grelo, raposo</i>)
CENTRAL DE TRANSICIÓN	Presente de subxuntivo (<i>cantemos, collamos, partamos</i>); demostrativos (<i>este, ese, aquel</i>); pronome p3 (el); terminación do feminino (<i>a irmán - as irmás</i>); alternancia (<i>colleu, parteu /colleu partiu</i>); alternancia (<i>moito/muito</i>); alternancia (<i>camín/camiño</i>); terminación verbal P5 <i>cantais</i>
LUCU-AURIENSE	Demostrativos (<i>iste, ise, aquil</i>); pronome p3 (il); vogal temática na p3 do pretérito e CII e i CIII (<i>colleu, partiu</i>); acentuación etimolóxica verbal (<i>cantabamos, cantaramos, cantariamos</i>); vogal radical na P2 do imperativo na CII (<i>culle, bibe, turce</i>) sobretudo nas falas ourensás.
ORIENTAL DE TRANSICIÓN	Alternancia ditongo (<i>muito/muto</i>); formas verbais (<i>cantandes /cantais</i>); plural de -n (<i>can, cas</i>); demostrativos (<i>este, ese, aquel</i>)

BLOQUE ORIENTAL

LESTE DE LUGO E OURENSE
FRANXA OCCIDENTAL DE ASTURIAS, LEÓN E ZAMORA

TRAZOS MÁIS IMPORTANTES

1. DITONGO -UA- EN GUA- E CUA-	<i>cuatro, guardar</i>
2. FORMAS CON -AX-	<i>baxo, caxa</i>
3. PLURAL EN -IS	<i>xamois, balois</i>
4. TERMINACIÓNS -AO / -Á	<i>o irmao / a irmá, verao, mañá</i>
5. FORMA PRONOME P2 TU	<i>E tu quen es?</i>
6. FORMA P1 PRETÉRITO INDICATIVO FUTURO DE INDICATIVO FORMAS EN -IS P5	<i>cantén / cantein cantarén / cantarein cantais, cantabais</i>
7. DITONGO -OI- / -UI- / -U-	<i>moito, noite, troita, coiromuito, nuite, truita, cuiro mutiu/muto, truta/trutia, escuta/escutia</i>
8. TERMINACIÓNS -ÍN (no norte) -IÑO (no sur)	<i>camín, padrín camiño, padriño</i>

ÁREAS DO BLOQUE ORIENTAL

ASTURIANA


Mantemento do -l- intervocálico (*avolo, molín*); artigo (*el molín, l'avolo, a casa*); distinción *lles, lle* e *llelo, llo*; posesivos (*meu, tou sou*); terminación **-íus, -ías** (*vecíus, vecías*); vogal temática **i** na p2 dos pretéritos irregulares (*tuviche, dixiche*);

ANCARESA


Vogais nasais (*cães, veciã*); gheada (*amigho, ghalo*); p1 pretérito indicativo (*collí, partí, fice*); cheísmo (*vinche*); palatalización do **a** tónico (*irmã, pädre*); demostrativos (*estos, esos, aqueles*)

ZAMORANA


Alternancia ditongo ou ausencia (*muito / muto, truita / truta, dous / dois, noute / noite*); terminación **-iño** (*camiño, padriño*); pronome persoal *lle-le* para singular e plural; teísmo (*díxente*)




— cinco/cinco
- - - des/dez




■ il/el






— ti/tu
▤▤▤▤ llo/llelo






■ catro/cuatro




-  cantades/cantais
-  cantandes/cantades, cantais
-  cantás/cantades



-  cheísmo/distinción *che-te*
-  teísmo/distinción *che-te*




- partiu/parteu/partiu
- colliu/colleu/colliu




— ditongo oi/ui



isto/esto



— cantábamos/cantabamos



■ ver/mirar



ver/mirar

mirar